



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

**ACTA Nº 1/2013**

**CONCELLO DE PARADELA**

**PROVINCIA DE LUGO**

### **ACTA DA SESIÓN ORDINARIA, CELEBRADA POLO PLENO CORPORATIVO MUNICIPAL O DÍA TRINTA E UN DE XANEIRO DE DOUS MIL TRECE.**

En Paradelas, a trinta e un de xaneiro de 2013.

No Salón de Sesiões da Casa Consistorial, sendo as trece horas e cinco minutos, réunese en primeira convocatoria a Corporación Municipal en Sesión Ordinaria, baixo a Presidencia do Alcalde, D. José Manuel Mato Díaz e coa asistencia dos Srs. Concelleiros.

- D<sup>a</sup> SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO.
- D. GUILLERMO CASTRO GONZÁLEZ
- D. ELISEO LÓPEZ RODRÍGUEZ
- D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> TERESA VEIGA RODRÍGUEZ
- D. SECUNDINO PÉREZ LÓPEZ
- D. MANUEL REGUEIRO LÓPEZ
- D. BENJAMÍN LÓPEZ MATO
- D. SENÉN LÓPEZ GARCÍA

Ausentes: D<sup>a</sup>. ANA BELÉN LÓPEZ ÁLVAREZ, xustificando s súa ausencia por motivos de traballo e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR.

Asiste o Secretario-Interventor da Corporación, José López González, que da fe do acto.

A continuación procédese a coñecer dos asuntos incluídos na orde do día.

#### **1º. APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DE DATA 29 DE NOVIEMBRE DE 2012.**

Polo Sr. Alcalde, que preside a sesión, procédese a preguntar aos demais membros da Corporación se teñen algo que obxectar á acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 29 de novembro de 2012, da que as minutas foron distribuídas coa convocatoria, todo ao abeiro do disposto no art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Sometése a aprobación da acta, da sesión ordinaria celebrada polo Pleno o día 29 de novembro de 2012.

O resultado foi de aprobación pola unanimidade dos nove Concelleiros, (sete do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Municipal Socialista), sendo once o número legal de membros.

## **2º. DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIONS DE ALCALDÍA.**

Neste punto da orde do día, procedeuse a dar conta das distintas Resolucions de Alcaldía emitidas dende o derradeiro Pleno, postas a disposición dos concelleiros, xunto coa restante documentación sometida a exame plenario.

## **3º.- DACIÓN DE CONTA DO INFORME DE SECRETARÍA-INTEVENCIÓN DO CUMPRIMENTO DA LEI DE MEDIDAS CONTRA A MOROSIDADE RELATIVO AO CUARTO TRIMESTRE DE 2012.**

Procédese neste punto da orde do día, a dar conta do informe emitido pola Secretaría-Intervención do cumprimento da lei de medidas contra a morosidade relativo ao cuarto trimestre de 2012, co seguinte tenor literal:

### **“ASUNTO: INFORME DE SECRETARÍA-INTERVENCIÓN PREVISTO NO ART. 5.4 DA LEI 15/2010, DE 5 DE XULLO, DE MODIFICACIÓN DA LEI 3/2004, DE 29 DE DECEMBRO, POLA QUE SE ESTABLECEN MEDIDAS DE LOITA CONTRA A MOROSIDADE NAS OPERACIÓNS COMERCIAIS.**

A fiscalización exerceuse de conformidade co establecido no artigo 4 do Real Decreto 1174/1987, de 18 de setembro aos efectos do disposto no Real Decreto Legislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais (TRLRFL en adiante), emitíndose o seguinte informe na estricta orde económica, con relación **ao artigo 4 da Lei 15/2010, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais, e as facturas impagadas con data de antigüidade superior a 40 días.**

### **CONSIDERACIÓNS PREVIAS EN CANTO AO ALCANCE DO INFORME.**

De acordo coa Disposición Transitoria primeira da Lei 15/2010, de 5 de xullo de 2010 (BOE número 163, de 6 de xullo de 2010), que sinala que a lei será de aplicación a todos os contratos celebrados con posterioridade á súa entrada en vigor, así como o indicado na Disposición Final Única, segundo a cal a presente lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial do Estado, **o presente informe limítase ás facturas cuxa entrada no concello sexa de data igual ou posterior ao 1 de xaneiro de 2012 ata o 31 de decembro de 2012.**

### **LEXISLACIÓN BÁSICA DE APLICACIÓN**

- Artigo 3 e 4 da Lei 15/2010, de 5 de xullo.
- Artigo 200, e Disposición Transitoria Oitava da Lei 30/2007, de 30 de outubro de Contratos do Sector Público.

### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS.**

En canto á morosidade das administracións públicas, o artigo 4.3 da Lei 15/2010, dispón:

*“Os Tesoureiros ou, no seu defecto, Interventores das Corporacións locais elaborarán trimestralmente un informe sobre o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas de cada Entidade Local, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes nas que se estea incumprindo o prazo”.*

No apartado 4.4 do referido artigo establécese:

**Sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local, dito informe deberá remitirse, en todo caso, aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, aos das**



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradela  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

**Comunidades Autónomas que, con arreglo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais. Tales órganos poderán igualmente requirir a remisión dos citados informes.**

Queda claro que do mencionado precepto derívase a **obriga da elaboración por parte da Tesouraría e/ou a Intervención do informe que poña de manifesto o cumprimento dos prazos previstos nesta Lei para o pago das obrigas do Concello de Paradela, que incluírá necesariamente o número e contía global das obrigas pendentes** nas que se estea a incumprir o prazo, así como a obriga **de remitir o mesmo aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial**, aos das Comunidades Autónomas que, con arranxo aos seus respectivos Estatutos de Autonomía, teñan atribuída a tutela financeira das Entidades locais, sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno do Concello.

Dende o 1 de xaneiro de 2012, o programa de contabilidade municipal foi adaptado por parte da empresa de mantemento do mesmo, coa finalidade de poder elaborar o mencionado informe, proporcionando os listados cos datos das facturas totais rexistradas, o seu importe e os prazos de pago; xa que ata este momento non era posible poder cumprimentar debidamente os informes requiridos polo Ministerio, xa que o cálculo había que facelo manualmente, non dispoñendo dos medios nin persoais nin materiais.

É todo canto se informe, **PROPOÑÉNDOSE:**

1) Que do presente informe e os seus anexos se dea traslado aos órganos competentes do Ministerio de Economía e Facenda e, no seu respectivo ámbito territorial, ao Consello de Contas, aos efectos oportunos.

2) Que se dea traslado igualmente ao Pleno do Concello de Paradela, pois aínda que o artigo 4 da Lei di ao respecto do mesmo “sen perxuízo da súa posible presentación e debate no Pleno da Corporación local.”, o artigo 5.4, da mesma norma dispón:

**“A Intervención ou órgano da Entidade Local que teña atribuída a función de contabilidade incorporará ao Informe trimestral ao Pleno regulado no artigo anterior, unha relación das facturas ou documentos xustificativos con respecto aos cales teñan transcorrido mais de tres meses dende a súa anotación no citado rexistro e non se teñan tramitado os correspondentes expedientes de recoñecemento da obriga ou se teña xustificado polo órgano xestor a ausencia de tramitación dos mesmos”.**

Por isto deberá unirse ao presente informe ao que se deberá dar conta ao Pleno na próxima sesión que se celebre, xustificación pola Alcaldía das causas do incumprimento nos prazos de tramitación das facturas indicadas no anexo ao presente informe.

Paradela, 16 de xaneiro de 2013. O Secretario-Interventor. Asdo.: José López González”.

### ANEXO I INFORME DE PAGOS REALIZADOS

Nº pagos realizados dentro período legal pago	Importe total de pagos realizados dentro do período legal de pago	Nº pagos realizados fóra período legal pago	Importe total de pagos realizados fóra período legal de pago
53	169.623,18 €	76	77.104,19 €

**INFORME DE FACTURAS PENDIENTES DE PAGO AO FINAL DO TRIMESTRE**

Nº de operacións pendentes dentro periodo legal pago	Importe total de operacións pendentes dentro periodo legal pago	Nº operacións pendentes fóra periodo legal pago	Importe de operacións pendentes fóra periodo legal pago
<b>54</b>	<b>86.306,11 €</b>	<b>46</b>	<b>163.395,35 €</b>

INTERESES DE DEMORA PAGADOS NO TRIMESTRE: 0,00 €

FACTURAS OU DOCUMENTOS XUSTIFICATIVOS PENDENTES DE RECOÑECEMENTO DA OBRIGA : NINGUNHA.

Sendo ás trece horas e dez minutos, incorpórase á sesión a Concelleira D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> MONTSERRAT MULET SAR.

**4º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVA ÁS PARTICIPACIÓNS PREFERENTES E OBRIGAS SUBORDINADAS.**

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista relativa ás participacións preferentes e obrigas subordinadas, co seguinte tenor literal:

**“D. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, 33.313.803 M, na súa condición de voceiro do Grupo Socialista no Concello de Paradelas comparece e como mellor en Dereito proceda DI:**

*Que ó abeiro do disposto nos artigos 91 a 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46,2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte MOCIÓN coa seguinte:*

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

*A grande estafa levada a cabo pola banca tivo como consecuencia un proceso de restauración do sistema financeiro español, que esixiu unha inxección de capital público a xeito de rescate. Novagalicia Banco, encóntrase entre os bancos intervidos pola súa xestión, dedicada á economía especulativa cortoplacista, e fuxindo do financiamento da economía produtiva.*

*Parte desa xestión, concluíu con prácticas fraudulentas cos clientes a través das coñecidas preferentes. Estas participacións coñecidas como instrumentos híbridos, están consideradas como un produto cun alto risco polo perigo que supón. Dun lado, o capital investido non está asegurado, dado que o valor da participación - unha vez recuperado - está sometido ao arbitrio dos mercados secundarios. Ademais e como se está a ver, o Fondo de Garantía de Depósitos en caso de quebra non cobre o investimento polo que o cliente perdería todo o diñeiro colocado en preferentes.*

*En Galicia, hai miles de pequenos aforradores afectados por un roubo caracterizado, pola asimetría das relacións da entidade financeira e o cliente. As participacións preferentes só poden ser suspendidas de xeito unilateral polo banco, non polo usuario, e dado o seu carácter imperecedeiro, eran un verdadeiro engano, pois a entidade financeira nunca ía perder.*



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradela  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

*A reestruturación dos bancos nacionalizados levada a cabo pola comisión, esixiu numerosos sacrificios ás entidades intervidas como Novagalicia Banco. Entre as medidas de axuste, está prevista unha quita de mais dun 50% do valor das preferentes, que automaticamente pasará a ser convertido en accións que nin sequera cotizarán en bolsa tendo, polo tanto un valor canto menos dubidoso.*

*O Grupo Municipal Socialista considera de xustiza constituírse como altofalante da Plataforma de afectados polas preferentes, habilitándolles as canles e recursos dispoñibles para elevar a súa voz ás institucións. Entendemos que é de responsabilidade da administración pública velar polo benestar dos cidadáns, por iso esiximos unha restitución total, tanto económica coma moral ante o roubo dos cartos dos pequenos aforradores. As malas prácticas levadas a cabo polas administracións financeiras, teñen que ser consideradas como unha verdadeira estafa onde hai vítimas anónimas e culpables que han de ser sinalados e xulgados.*

*O recoñecemento das vítimas ten que pasar polo resarcimento do usurpado. Por iso, en nome da Plataforma de Afectados polas preferentes, o Grupo Municipal Socialista, presenta para o seu debate e aprobación, a seguinte*

### **MOCIÓN**

- *O Concello de Paradela insta á Xunta de Galicia a que garanta o acceso á arbitrase a tódolos afectados por preferentes e subordinadas que así o soliciten.*
- *O Concello de Paradela insta a Xunta de Galicia a acelerar as arbitraxes, igualando como mínimo o ritmo de laudos que se realizaban antes das eleccións do 21 de outubro; e que notifique as solicitudes rexeitadas por Novagalicia Banco para que os afectados poidan acudir á vía xudicial.*
- *O Concello de Paradela esixe ao Goberno de España a derogación do Real Decreto 9/2012 do 14 de novembro, que permite aplicar a quita ás preferentes por medio dos artigos 40 e 41.*

*En Paradela a 15 de xaneiro de 2013*

*Asdo. D<sup>a</sup> Sonsoles López Izquierdo*

*Voceira do Grupo do PSdeG\_PSOE no Concello de Paradela.*

*ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.*

Dona Sonsoles López, voceira do Grupo Municipal Socialista engade que sobre este tema hai un recente acordo a nivel nacional entre os dous partidos maioritarios e espera que eses acordos se leven adiante.

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que por parte da Xunta de Galicia houbo receptividade e sensibilidade total coas persoas afectadas, xa que foi a primeira Comunidade Autónoma que apostou pola arbitrase de Consumo como a vía máis áxil, rápida e de balde para as persoas perxudicadas e pola que se emitiron arredor de quince mil laudos coa mesma validez que a dunha sentenza xudicial firme, polo que os pequenos aforradores recuperaron os seus cartos.

Suliñar que a Comunidade Autónoma galega foi a única que aprobou un plan de actuación específico, o que se traduce nunha implicación absoluta na busca de solucións ao problema.

Di o Sr. Alcalde que folga sinalar, aínda que xa se ten reiterado, que das nove emisións vixentes de participacións preferentes feitas polas Caixas Galegas, cinco foron entre os anos 2005-2008, cando ocupaba o goberno galego o bipartito.

Por parte do Concello de Paradela prestouse toda a información e tramitación das persoas que acudiron ao Concello por este tema, resolvéndose xa numerosos casos nos que os veciños xa recibiron os cartos.

Di que por todo isto a Moción presentada está fóra de tempo, xa que todo o que se solicita na mesma xa se está a facer con rigor por parte da Xunta, se ben non ten o seu grupo municipal, ningún problema en apoiar a Moción.

Toma a palabra, a voceira do Grupo Municipal Socialista na que di que recentemente no mes de xaneiro houbo un reunión da Plataforma da Comarca, na que o Concello de Pardela non estivo representada, e ela foi avisada ese mesmo día da reunión. Di ademais que a emisión das preferentes non son delitivas en si, senón que a mala praxis foi a que conlevou as practicas anómalas.

O Sr. Alcalde, reposta dicindo que é certo que foi invitado, pero el acode a onde o considera oportuno, ademais de que as Plataformas no caso de moitas delas están indo por vieiros que non son os oportunos, e que dende o Concello se están a levar as medidas correspondentes.

Procédese á votación da Moción, resultando aprobada pola unanimidade dos dez Concelleiros que asisten ao Pleno (oito do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Socialista), sendo once o número legal de membros.

**5º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA, RELATIVA AOS SERVIZOS DE RADIOTERAPIA, HEMODINÁMICA E MEDICINA NUCLEAR NO HOSPITAL LUCUS AUGUSTI (HULA).**

Procédese neste punto da orde do día, a lectura da Moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Socialista relativa aos servizos de radioterapia, hemodinámica e medicina nuclear no Hospital Lucus Augusti (HULA), co seguinte tenor literal:

*“Moción relativa ós Servizos de Radioterapia, Hemodinámica e Medicina Nuclear no Hospital Lucus Augusti (HULA)*

***D. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, 33.313.803 M, na súa condición de voceiro do Grupo Socialista no Concello de Paradela comparece e como mellor en Dereito proceda DI:***

*Que ó abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local de Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, e 46,2 da Lei 11/1999, do 21 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas, presenta á consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:*

***MOCIÓN:***

*En 2009, o Presidente da Xunta de Galicia, acompañado da ex Conselleira de Sanidade, Pilar Farjas, desprazáronse a Lugo para inaugurar o Hospital Universitario Lucus Augusti (HULA). Naquela visita, os dous dirixentes anunciaban, ademais, unha das noticias máis agardadas por todos os lucenses, a implantación no primeiro semestre de 2011, no HULA, dos servizos de Radioterapia, Hemodinámica e Medicina Nuclear. Pasaron os meses, concretamente ano e medio, e o Lucus Augusti, lamentablemente, segue sen estas especialidades tan necesarias para a saúde dos cidadáns da provincia.*



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

*E iso que, no Pleno do día 2 de novembro de 2011, o Parlamento de Galicia aprobou por unanimidade unha moción presentada polo Grupo Socialista na que se instaba ó Goberno a “adxudicar de forma inmediata, nun prazo non superior a 6 meses, o equipo de Hemodinámica cardíaca para proceder á apertura de dita unidade e a proceder de forma inmediata á dotación tecnolóxica dos servizos de Radioterapia e Medicina Nuclear e poñer en marcha ditas Unidades”.*

*Este incumprimento manifesto do Goberno autonómico provoca que a de Lugo sexa a única provincia galega que aínda non dispón destes servizos, algo que resulta claramente incomprendible, se se ten en conta que o HULA cumpre todas as características necesarias para albergar ditas especialidades e, no caso da área de Hemodinámica, tamén co persoal sanitario especializado. Concretamente, o servizo de Cardiología posúe dous cardiólogos coa Acreditación de Hemodinámica da Sociedade Española de Cardiología, pero, debido a que este servizo aínda non está implantado, estes facultativos vense na obriga de prestar a súa atención, en rotacións periódicas, nos hospitais de Santiago de Compostela e de Cabueñes (Xixón).*

*A falta destes servizos están causando graves prexuízos ós cidadáns da provincia e pon en grave perigo a súa saúde. No caso dos enfermos de cancro, unha media de 600 pacientes ó ano, teñen que desprazarse a Coruña ou a Santiago para recibir tratamentos de Radioterapia; o que, sen dúbida, aumenta as molestias da súa grave enfermidade e incluso provoca que moitos deles teñan que asumir gastos extraordinarios e depender de familiares ou veciños, como xa que, nalgús casos, o tratamento subministrado supera os 30 días de duración.*

*No caso da falta de Hemodinámica, as consecuencias da súa inexistencia tamén son gravísimas para os doentes, xa que nestes casos a intervención rápida é determinante para a súa supervivencia. É dicir, canto maior sexa o traslado, maior será o risco de que perdan a vida.*

*Estudos científicos recentes poñen de manifesto que a mortaldade de enfermos de infarto de miocardio en Lugo dobra a padecida por enfermos de Coruña, Vigo ou Santiago; lugares nos que sí existe persoal cualificado e os medios materiais para tratar esta patoloxía cardiovascular. A causa de que sexamos a provincia co maior índice de probabilidade de padecer esta enfermidade, débese a que, nestes casos, é preciso realizar unha angioplastia primaria nun tempo inferior a dúas horas dende que o enfermo entra en contacto co sistema sanitario. Tendo en conta que en Lugo hai que trasladar ó doente a Coruña ou a Santiago, este prazo aumenta ata as tres horas, provocando así que o tratamento xa non teña efecto.*

*Por este motivo, especialistas na materia como o Presidente da Sociedade Española de Cardiología, manifestan que, mentres todos os doentes das áreas de Coruña, Santiago e Vigo reciben unha angioplastia primaria, os de Lugo tan só o fan nun 43%. Por elo, resulta inaceptable que a Xunta de Galicia, responsable do Servizo Galego de Saúde (SERGAS), siga permitindo que as persoas que sofren unha patoloxía coronaria aguda na provincia de Lugo, máis de 1.000, teñan menos esperanza de vida que a que poden ter o resto dos galegos.*

*O HULA realizou en 2011 un total de 825 cateterismos, que se enviaron mediante transporte sanitario os hospitais de Coruña e Santiago. Se sumamos os solicitados polos centros sanitarios de Burela e Monforte, o número total supera os 1.000 cateterismos na provincia. Este volume de actividade xustifica perfectamente a*

apertura do servizo de Hemodinámica. Ademais, os especialistas consideran que nun prazo máximo de tan só dous anos, o custe da súa implantación -800 millóns de euros- estaría totalmente amortizado.

E é que o traslado dos doentes supón, ademais, un gran trastorno persoal para as familias, contabilizándose todos os anos unha porcentaxe non despreziable de problemas graves nos traslados de retorno, logo dos procedementos de revascularización coronaria ós que son sometidos. Nos casos que o traslado supere os 120 minutos, o índice de mortalidade ó ano é do 6,8%. É dicir, entre un 10 e un 20%, destes doentes perden a vida no traxecto por non poder recibir o tratamento sanitario na provincia.

Na actualidade existen en Galicia 5 Unidades de Hemodinámica en hospitais públicos do SERGAS. Localízanse en Santiago, A Coruña, Vigo, Ourense e Pontevedra. Sen embargo, a provincia de Lugo coa mesma poboación de referencia e dispersión poboacional que a de Ourense e cunha distancia de 94 quilómetros á sala de Hemodinámica máis próxima, aínda non dispón deste servizo debido ó incumprimento do Goberno autonómico. Ademais da de Lugo, só existen 7 provincias en España sen esta especialidade nos hospitais públicos. Son: Palencia, Zamora, Ávila, Soria, Cuenca, Teruel e Segovia.

**Polo que vai dito propoñemos ó Pleno do Excmo. Concello de Paradela o seguinte:**

**MOCIÓN:**

**O Concello de Paradela esíxelle á Xunta de Galicia que dé explicacións dos continuos incumprimentos sobre a implantación destas especialidades, e insta ó Presidente do Goberno galego a licitar e adxudicar de inmediato os equipamentos necesarios de Radioterapia e Hemodinámica e Medicina Nuclear no HULA para que estes servizos, tan necesarios para a saúde dos lucenses, entren en funcionamento no menor tempo posible.**

*En Paradela a 15 de xaneiro de 2013*

*Asdo. D<sup>a</sup> Sonsoles López Izquierdo*

*Voceiro do Grupo do PSdeG\_PSOE no Concello de Paradela.*

*ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA.* ”

Toma a palabra o Sr. Alcalde dicindo que igual que na Moción anterior hai pequenos lapsus, sobre todo na maneira onde conclúen dicindo esíxelle á Xunta de Galicia que dé explicacións dos continuos incumprimentos sobre a implantación destas especialidades.

O Sr. Alcalde di que o Concello de Paradela non debe nin pode esixir á Xunta explicacións, xa que estes temas son cuestión en moitos casos de priorizar, xa que crear unha unidade deste tipo no que o persoal necesario sería moito pero de pouca especialización non sería unha solución viable nin técnica nin económica; onde o importante é o equipo de referencia cousa que en Lugo non haberá como o pode haber en Coruña ou en Santiago, senón que o que haberá será un equipo de primeira actuación; considerando que a sanidade ten que estar coordinada en rede; polo que o seu Grupo apoiaría a Moción se se permite alguna modificación na mesma, na que se retire a parte onde se di textualmente “esíxelle á Xunta de Galicia que dé explicacións dos continuos incumprimentos sobre a implantación destas especialidades” e conservando a parte referida a instar a *adxudicar de inmediato os equipamentos necesarios de Radioterapia e Hemodinámica e Medicina Nuclear no HULA para que estes servizos, tan necesarios para a saúde dos lucenses, entren en funcionamento no menor tempo posible.*





## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/ 96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Toma a palabra Dona Sonsoles López, dicindo que as aclaracións pidense polos continuos retrasos dos servizos prometidos, tendo claro que para a Xunta o tema económico é o prioritario, se ben en dous anos a inversión estaría amortizada.

O Sr. Alcalde reitera que se permiten esa modificación na Moción o seu Grupo vaina apoiar.

A voceira do Grupo Municipal Socialista, di que o aceptan xa que de todos os xeitos as explicacións que se piden, non ían a ter resposta por parte do goberno autonómico.

Polo que unha vez acordado que a Moción, introducida esa modificación quedaría redacta no seguinte xeito: ***“Instar ó Presidente do Goberno galego a licitar e adxudicar de inmediato os equipamentos necesarios de Radioterapia e Hemodinámica e Medicina Nuclear no HULA para que estes servizos, tan necesarios para a saúde dos lucenses, entren en funcionamento no menor tempo posible”***; procédese á votación resultando aprobada pola unanimidade dos dez Concelleiros que asisten ao Pleno (oito do Grupo Municipal do Partido Popular e dous do Grupo Socialista), sendo once o número legal de membros.

### 6º.- INFORMES DE ALCALDÍA.

Non se dá conta de ningún informe por parte da Alcaldía.

### 7º.- ROGOS E PREGUNTAS.

A continuación o sr. Alcalde procede a responder as preguntas formuladas de xetio escrito polo Grupo Municipal Socialista, con entrada no Rexistro en data 17 de xaneiro de 2013.

A primeira delas ten o seguinte tenor literal:

***“D<sup>a</sup>. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Voceira do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradelas que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:***

#### ***PREGUNTAS:***

*Nos Orzamentos da Xunta do 2012, coa denominación Obra Nova por Mandato ao Servizo Público de Investimentos, había unha partida por 650.000 € para Paradelas:*

- *Pódenos indicar para que obra estaba prevista esa cantidade?*
- *Porqué non se executou?*
- *Este ano Paradelas ten adxudicados 200.000, para que obra?*

*En Paradelas a 15 de xaneiro de 2013*

*Asdo. D<sup>a</sup> Sonsoles López Izquierdo*

*Voceira do Grupo do PSdeG \_PSOE no Concello de Paradelas.*

*ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.*

O Sr. Alcalde resposta: que a cantidade prevista era para execución do Centro Xeriátrico, e non se executou pola situación económica que está vivir o país e as urxencias en materia de dependencia que foron extraordinarias polo que se retrasou a

obra pública. Sendo a cantidade adxudicada para o ano 2013 para a referida obra da Residencia e o Centro de día; estando coas bases para a redacción do proxecto e que se podan iniciar as obras ao longo do ano.

A segunda delas ten o seguinte tenor literal:

**“D<sup>a</sup>. SONSOLES LÓPEZ IZQUIERDO, DNI 33.313.803M, na súa calidade de Portavoz do Grupo Municipal Socialista do Concello de Paradela que ó abeiro do disposto no artigo 97.7 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, veño a plantexar ós órganos de goberno as seguintes:**

**PREGUNTAS:**

- *Cantos contratos de persoal laboral temporal, nomeamentos de funcionarios interinos e de persoal estatutario temporal se fixeron por esta institución municipal no ano 2012?*

- *No Real Decreto - Lei 20/2011 do 30 de decembro, de medidas urxentes en materias orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público, inclúese a prohibición de contratación de persoal laboral temporal e o nomeamento de funcionarios interinos e de persoal estatutario temporal, salvo en casos excepcionais ou para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, requirindo a previa e expresa autorización do Ministerio de Facenda e Administracións Locais.*

*-A contratación do persoal respondía a necesidades urxentes e inaprazables ou afectaban ao funcionamento dos servizos públicos esenciais?*

*-Tiña a autorización previa e expresa do Ministerio de Facenda e Administracións locais?*

*En Paradela a 15 de xaneiro de 2013*

*Asdo. D<sup>a</sup> Sonsoles López Izquierdo*

*Voceira do Grupo do PSdeG\_PSOE no Concello de Paradela.*

*ALCALDE-PRESIDENTE DO CONCELLO DE PARADELA”.*

O Sr. Alcalde resposta dicindo, que persoal temporal, un traballador recollida de lixo durante o período de incapacidade temporal e periodo vacacional do funcionario que presta o servizo; e unha interinaxe dunha auxiliar de axuda a domicilio por incapacidade temporal dunha das traballadoras.

O Persoal laboral temporal subvencionado foi de nove traballadores; unha mestra co fin de executar o programa subvencionado para a realización de actividades de formación de adultos; tres traballadores conductores de vehículo motobomba, e polos programas de cooperación: dous socorristas, unha auxiliar de axuda no fogar e dous peóns.

A contratación respondeu, respecto do persoal non subvencionado a necesidades urxentes e inaplazables que afectaban ao funcionamento de servizos públicos esenciais como son a recollida do lixo e a prestación do servizo social de axuda no fogar, por mor de incapacidades temporais dos seus titulares e periodo vacacional do funcionario, non sendo necesaria a autorización previa e expresa do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas xa que non é básica, tal e como se recolle na Circular interpretativa dos artigos 2, 3 e 4 do Rd Lei 20/2011 emitida pola Dirección Xeral de Administración Local de data 30 de xaneiro de 2012. Asemade de que a contratación debeuse á necesidade de cubrir servizos públicos esenciais tal e como se dixo anteriormente e os traballadores subvencionados non son afectados pola norma citada por vostede.



## CONCELLO DE PARADELA

Rúa Cabaleiros de Santiago nº 15  
27611 Paradelas  
Tfno: 982 54 11 01/96  
Fax: 982 54 12 32 / 07  
E-mail: concello.paradela@eidolocal.es

Por último, realiza unha pregunta de xeito oral, respecto se hai algún programa especial de colaboración asistencial aos veciños ou se se trata dun caso particular respecto das obras que se están a realizar por parte dos traballadores do Concello nunha vivenda dun veciño en Guían.

O Sr. Alcalde resposta dicindo que non hai ningún plan específico nin convenio especial, senón que ante unha necesidade dun veciño por temas económicos e de saúde, xa que no seu momento a solicitude a través da subvención de Infravivenda non saiu adiante, estase a axudar a esa familia para realizar un cuarto de baño dentro da vivenda, facendo a obra por administración tendo en conta os informes da traballadora social e do Secretario da Corporación, non sendo a primeira vez que o Concello leva a cabo axudas deste tipo.

**E non habendo máis asuntos que tratar, o Presidente levantou a sesión sendo as trece horas e cincuenta minutos do trinta e un de xaneiro de dous mil trece, exténdose a presente acta da que coma Secretario-Interventor dou fe.**

**Visto e prace  
O Alcalde**

**O Secretario-Interventor**

